

REUNIÓN DO COMITÉ DE EMPRESA

Acta do 26-outubro-2010

Asisten:

Presidente: Portela Fernández, Xosé Manuel (CUT)

Vicepresidente: Ledo Pernas, Félix (CUT)

Bouzas Gómez, José Antonio (CUT)

Cordal Fustes, Jorge (CIG)

López Domínguez, Javier (CC.OO)

Monteserín Macías, Pedro Manuel (USO)

Muñíz Seijas, Juan Carlos (CUT)

Pena Pérez, Enrique José (CIG)

Otero Canabal, Jorge (CCOO)

Puente Varela, Jesús Florentino (CUT)

Rey Souto, María Teresa (UGT)

Ríos Barbeito, Manuel (UGT) (incorporase as 11:30)

Rodríguez Barba, Ana María (CUT)

Suárez Sánchez, José Manuel (CUT)

Non asisten:

Vicesecretario: Boado Sexto, José Antonio (CUT) Non ten substituto no traballo

Cardelle Barreiro, Eduardo (CIG) enfermidade

Romero Beade, Manuel (USO) enfermidade

Iníciase a reunión ás 10:15 horas na sala nº 2 da Reitoría da Universidade, retrásase por coincidir a hora de comezo coa constitución do Tribunal de Conserxes.

Coa seguinte **orde do día**:

Punto nº 1.- Lectura e aprobación, se proceder, das actas anteriores.

Punto nº 2.- Informe do Presidente.

Punto nº 3.- Análise da situación e alternativas.

Punto nº 4.- Revisión, si se nos envía, do temario de Técnico Especialista en Mantementos.

Punto nº 5.- Nomeamento de membros dos tribunais das convocatorias:

- Normalización Lingüística
- Telefonistas
- Praza de Técnico Especialista en Mantementos

Punto nº 6.- Convocatorias enviadas desde o servizo de PAS.

Punto nº 7.- Rogos e preguntas.

Desenvolvemento da sesión:

Punto nº 1.- Hai dúas actas por aprobar:

- Apróbase a acta do 04-outubro-2010 (modificando o punto 3, parágrafo 2, onde di “... un membro do Comité de Empresa...” cambiando a redacción por “...un membro designado polo Comité de Empresa...”)
- Aprobese a acta nº XX do 13-outubro- de 2010 (modificando no punto 2, último parágrafo, onde di “... presenta a súa dimisión...” ten que poñer “... presenta a súa renuncia...”)
- Temos que modificar as datas nas dúas actas onde di octubre debe dicir outubro.

Punto nº 2.- O Presidente informa:

A Xerencia solicita, dado que se rematou a listaxe de agarda de Conserxes, a posibilidade de acordar cubrir a praza, de xeito provisorio e coas limitacións propias deste tipo de opcións, que se poida cubrir por un Auxiliar de Servizos fixo/a do mesmo centro, de non haber interesado/a no centro posibilitaríase a cobertura por un traballador/a doutro centro.

Acéptase a proposta feita desde a Xerencia, xa se utilizou este procedemento, noutras ocasións.

A proposta do Presidente do Comité de Empresa nomease como secretario do comité de empresa Muñiz Seijas, Juan Carlos (CUT)

Dado que hai noticias contraditorias, acórdase preguntar a Xosé Ogando si desexa que continuemos coa reclamación que nos transmitiu por correo electrónico.

Punto nº 3.- Análise da situación e alternativas.

O Presidente informa que non recibiu ningunha resposta da Xerencia, sobre a proposta realizada na última reunión conxunta.

Explicita que, dada a situación de retraso anuncia que diante desta situación de inacción por parte da xerencia, el pecharase, de xeito indefinido, na Reitoría. A esta acción adhírese José Manuel Suárez.

Pedro Manuel Monteserín Macías pide se faga solicitude á xerencia de que os máis de trescentos mil euros que a xerencia di van a quedar de remanente no apartado de persoal laboral repercutan do xeito que sexa máis pertinente no propio colectivo antes de rematar o ano.

Punto nº 4.- Revisión, si se nos envía, do temario de Técnico Especialista en Mantementos.

O Servizo de Persoal envía a convocatoria sen incorporar as modificacións que lle foran entregadas á Xerencia por parte do comité. Ante esta situación acórdase remitirle escrito co seguinte texto:

Remitímoslle, unha vez máis, as modificacións que este órgano de representación lle propuxo no seu día e que non foron introducidas na convocatoria que se nos xuntou.

Pensamos que as propostas de modificación que lle realizamos teñen a importancia suficiente como para ser consideradas e, de non suceder isto, solicitamos unha xustificación.

Así mesmo, os membros do tribunal propostos polo Comité son:

Titulares

Bouzas Gómez, José Antonio

Ríos Barbeito, Manuel

Suplentes

Puente Varela, Jesús Florentino

López Domínguez, Javier

Punto nº 5.- Designación de membros dos tribunais:

Acórdase o nomeamento de:

Tribunal para Técnico de Grado Medio en Normalización Lingüística grupo 2:

Titulares:

Marta Souto González, Técnica Normalización Lingüística no Concello de Vigo.

Ledo Pernas, Félix

Suplentes:

María Concepción Cochón Rodríguez, Técnica Normalización Lingüística no Concello de Pontevedra.

Monteserín Macías, Pedro Manuel

Tribunal para Telefonistas grupo 4:

Titulares:

Tomás Fernández Longueira, Técnico Especialista en Informática, dos Servizos Informático e de Comunicacións, Área de Rede e Comunicacións.

Puente Varela, Jesús Florentino

Suplentes:

Fernando Torrado Rivas, Técnico Especialista en Informática, dos Servizos Informático e de Comunicacións, Área de Rede e Comunicacións.

López Domínguez, Javier

Punto nº 6.- Convocatorias enviadas desde o servizo de PAS

Previa a discusión sobre as convocatorias enviadas polo Servizo de Persoal fálase das convocatorias en curso.

Tómase o acordo de elevar á Xerencia a proposta de que a proba de galego teña como referencia a realizada na convocatoria de Auxiliares de Servizo.

Analízanse as seguintes convocatorias:

Técnico superior en parámetros ambientais:

Falta a base 1.2. As persoas aspirantes que aleguen méritos na fase de concurso deberán acreditarlos mediante a presentación dos documentos xustificativos orixinais ou copias compulsadas.

Isto afectaría aos demais puntos que terían que cambiar a 1.3 e 1.4 , o que provocará que , no punto 6.8, onde dicía: “...*Para as persoas con discapacidade que o soliciten na forma prevista na base 1.3...*” esa base agora sería a 1.4

Na base 11.1 d) “*Os aspirantes con discapacidade con igual...*” debe dicir: “Os aspirantes con discapacidade igual...”

A base 11.3 “O período de proba será de un mes...· debe dicir : “O período de proba será de tres meses”, para homologar coa convocatoria de Técnicos superiores en informática.

No apartado Cuarto, onde di: “A presente convocatoria, as súas bases, e cuantos actos administrativos se deriven delas poderán ser impugnados perante a xurisdición do contencioso administrativa...” debe dicir ...xurisdición contencioso administrativa...

No Segundo exercicio, débese engadir ao final: O cuestionario basearase nos Temas I e II.
No Terceiro exercicio debe dicir:

Terceiro exercicio: de carácter obrigatorio e eliminatorio: consistirá na resolución de dous supostos prácticos, que se elixirán de entre cinco propostos polo tribunal dos que, haberá polo menos dous de cada módulo do Bloque II. A duración deste exercicio será de 240 minutos. A cualificación do exercicio será de 0 a 40 puntos, e é necesario obter 16 puntos para o superar.

ANEXO II

BLOQUE II

MÓDULO I

Tema 14. “*Sistemas CC-MS...*” debe dicir Sistemas GC-MS...

Tema 15. “*Análises cuantitativo usando CC-MS...*” debe dicir Análise cuantitativo usando GC-MS...

MÓDULO II

Tema 30. “Métodos de análise de compostos orgánicos volátiles (CCV)...” debe dicir ... compostos orgánicos volátiles (COV)...

Tema 31. “Métodos de análise de compostos orgánicos volátiles (CCV)...” debe dicir ... compostos orgánicos volátiles (COV)...

Tema 33. “... Aplicación do método a outras micotoxinas: acrotoxina, zearalenona, fumonisina, DCN. Debe dicir: ...“... Aplicación do método a outras micotoxinas: acrotoxina, zearalenona, fumonisina, DON.

No Anexo IV, no punto 19 aparece: “*En caso de minusvalía...*” debendo aparecer: En caso de discapacidade.

Técnico Superior en Instrumentación Analítica:

Falta a base 1.2. As persoas aspirantes que aleguen méritos na fase de concurso deberán acreditarlos mediante a presentación dos documentos xustificativos orixinais ou copias compulsadas.

Isto afectaría aos demais puntos que terían que cambiar a 1.3 e 1.4 , o que provocará que , no punto 6.8, onde dicía: “...*Para as persoas con discapacidade que o soliciten na forma prevista na base 1.3...*” esa base agora sería a 1.4

Na base 11.1 d) “*Os aspirantes con discapacidade con igual...*” debe dicir: “Os aspirantes con discapacidade igual...”

A base 11.3 “O período de proba será de un mes...· debe dicir : “O período de proba será de tres meses”, para homologar coa convocatoria de Técnicos superiores en informática.

No apartado Cuarto, onde di: “A presente convocatoria, as súas bases, e cuantos actos administrativos se deriven delas poderán ser impugnados perante a xurisdición do contencioso administrativa...” debe dicir ...xurisdición contencioso administrativa...

No Segundo exercicio, débese engadir ao final: O cuestionario basearase nos Temas I e II.
No Terceiro exercicio debe dicir:

Terceiro exercicio: de carácter obrigatorio e eliminatorio: consistirá na resolución de dous supostos prácticos, que se elixirán de entre cinco propostos polo tribunal dos que, haberá polo menos dous do Bloque 2. A duración deste exercicio será de 240 minutos. A cualificación do exercicio será de 0 a 40 puntos, e é necesario obter 16 puntos para o superar.

No Anexo III, que debería ser o Anexo IV, porque o Anexo III tería que reservarse para os membros do tribunal, no punto 19 aparece: “*En caso de minusvalía...*” debendo aparecer: En caso de discapacidade.

Técnico superior en calidade.

“Resolución do de de 2010 pola que se convocan probas selectivas polo sistema de promoción interna para a provisión...”

Debe dicir:

Resolución do de de 2010 pola que se convocan probas selectivas polo sistema de promoción interna e queda libre para a provisión...

Revisar se isto pasa coa convocatoria de técnicos grado medio en normalización lingüística.

Na base 1.2. *“As persoas aspirantes que aleguen méritos na fase de concurso deberán acreditarlos mediante a presentación dos documentos xustificativos orixinais ou copias compulsadas.”*

O resto do texto debe desaparecer porque é unha redundancia xa sinalada na base 1.1 c)

Base 3.1 onde di “... para as persoas con minusvalidez...” debe dicir ... para as persoas con discapacidade...

A base 11.3 “O período de proba será de un mes... debe dicir : “O período de proba será de tres meses”, para homologar coa convocatoria de Técnicos superiores en informática.

No apartado Cuarto, onde di: “A presente convocatoria, as súas bases, e cuantos actos administrativos se deriven delas poderán ser impugnados perante a xurisdición do contencioso administrativa...” debe dicir ...xurisdición contencioso administrativa...

Segundo exercicio. Engadir ao principio: de carácter obrigatorio e eliminatorio. Engadir despois do último punto: O cuestionario basearase nos bloques I e II.

Terceiro exercicio. Onde pon "... *A duración deste exercicio será de 210 minutos.*" Debe dicir *A duración deste exercicio será de 240 minutos.*

Sen máis incidencias remátase a sesión ás 14:30 horas

A Coruña, 26 de outubro de 2010

Comité de Empresa.